

**CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS NA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)  
PARA O CURSO ACADÉMICO 2010/2011**

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do día 11), na exposición que fai sobre prezos públicos no seu capítulo 2º do título II, non recolle a posibilidade de exencións. Tampouco a Resolución Reitoral do 22 de xullo de 1999 de exencións na Universidade de Santiago de Compostela recolle a posibilidade de axudas con cargo ao seu orzamento.

Por iso estímase conveniente establecer un sistema de axudas con cargo ao orzamento da Universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela.

Así mesmo, verbo doutras entidades públicas ou privadas, fíxase a posibilidade de recoñecer aos seus membros axudas ao estudo. En particular, ao persoal das universidades de A Coruña e Vigo, en virtude dun recoñecemento recíproco destas axudas sometido ao principio de compensación e, tendo en conta o Acordo de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a USC, asinado con data 16 de xullo de 2007, ao persoal da devandita Consellería un sistema de axudas con base nunha compensación por reciprocidade dos servizos prestados por cada unha das partes.

**POR TODO O EXPOSTO RESOLVO:**

**PRIMEIRO: PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**1. Titulares e beneficiarios.**

**1. 1 Son titulares do dereito** á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos **o persoal que presta os seus servizos na USC** que a seguir se relaciona:

**a) Persoal docente:** funcionarios de carreira que pertencen aos corpos docentes universitarios e profesores interinos ou contratados. Deberá atoparse na situación de servizo activo ou servizos especiais na Universidade entre o 7 de xullo e o 22 de outubro de 2010.

**b) Persoal de Administración e Servizos:** funcionarios de carreira ou interinos e persoal laboral fixo ou temporal. Deberá atoparse na situación de servizo activo ou servizos especiais na Universidade entre o 7 de xullo e o 22 de outubro de 2010.

**c) O persoal que se relaciona nos apartados anteriores que falecese ou acadara a xubilación** no desempeño do seu posto na USC.

**d) Persoal contratado de proxectos e actividades de investigación,** cuxas retribucións son percibidas con cargo ao capítulo VI do orzamento de gastos da USC. Ten que estar prestando servizos ininterrumpidamente, polo menos, desde o 21 de xaneiro ao 7 de xullo de 2010, data de inicio da matrícula.

**1. 2 Son beneficiarios** das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, ademais dos titulares:

**a) O cónxuxe do titular do dereito,** ou persoa con análoga relación, os fillos dos titulares, e os fillos do cónxuxe do titular, ou persoa con análoga relación, que vivan no domicilio familiar.

**b) Os menores de idade acollidos temporalmente polo titular de xeito permanente ou preadoptivo.**

**c) O cónxuxe e os fillos do titular do dereito que falecese en servizo activo ou en acto de servizo.**

En todos os casos os fillos dos titulares, para seren beneficiarios, non poderán ter cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula, no caso de estudos de primeiro, segundo ciclo e grao, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo ou de másteres oficiais.

## 2. Obxecto das axudas:

### 2. 1 Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC

**2. 1. 1** Os titulares terán dereito á percepción de axudas para a súa matrícula na USC en estudos conducentes á obtención de titulacións oficiais.

**2. 1. 2** Os beneficiarios terán dereito, nos mesmos termos que os titulares, á percepción de axudas por matrícula **para realizar unha única titulación oficial.**

Enténdese como unha única titulación oficial a matrícula que se formalice:

- En cada un dos ciclos en que se estruturan as titulacións que se rexen polo Real Decreto 1497/1987 de 27 de novembro (BOE de 14 de decembro de 1987), que establece as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- Nas ensinanzas universitarias oficiais reguladas polo Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (BOE do día 30).

- Nos cursos ponte que se aproben para a obtención do título de grao, dos estudantes diplomados.

- En titulacións de segundo ciclo cando, de acordo coas ordes ministeriais que dan acceso a estas titulacións, se proceda dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primerio ciclo.

- Nos másteres oficiais dos que xa teñan unha titulación oficial: diplomados, licenciados, enxeñeiros, arquitectos, graduados, enxeñeiros técnicos e arquitectos técnicos.

**2. 1. 3** Os beneficiarios estarán excluídos desta axuda no caso de estar en posesión ou reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que solicita a subvención.

**2. 1. 4** No caso de simultaneidade de estudos, dentro da mesma ou de distinta estrutura das ensinanzas universitarias ou de matrícula no segundo cuatrimestre doutra titulación, a axuda concederáse aos beneficiarios para os estudos nos que o alumnado formalizara matrícula por primeira vez.

**2. 1. 5** Os beneficios desta convocatoria esténdense ata o 100% dos prezos públicos da primeira e segunda matrícula ao alumnado das Escolas Universitarias de Traballo Social, Relacións Laborais e Enfermería en centros adscritos da USC. O importe dos prezos públicos da matrícula será o que estableza para titulacións renovadas o Decreto que publicará no DOG a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2010/2011.

**2. 1. 6 Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución** os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **A titoría anual de doutoramento**

- **Os prezos polos servizos académicos** de: apertura de expediente, certificacións académicas, traslados de expediente, expedición e mantemento de tarxetas de identidade, solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros, expedición de títulos académicos, probas de acceso, dereitos de exame ou calquera outro prezo distinto do importe dos prezos públicos por matrícula en materias soltas ou en créditos.

- **O importe do seguro escolar**

## 2. 1. 7 Contía das axudas:

a) A contía desta axuda ten a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio (BOE do día 29), e como tal está suxeita a tributación como rendimento do traballo.

b) Para primeiro e segundo ciclo, grao e máster será o importe da formalización da matrícula na USC en materias soltas.

c) Nos programas de doutoramento do RD 778/1998, será o importe da formalización da matrícula en 12 créditos máximo no segundo curso (período de investigación).

## 2. 2 Matrícula en universidades públicas cuxas titulacións sexan distintas das do sistema universitario galego.

2. 2. 1 Os titulares e os beneficiarios terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado 2.1, agás o recollido no apartado 2.1.7, nos seguintes supostos:

a) Se formalizan matrícula noutra universidade pública por non seren admitidos en titulacións que se imparten nas universidades galegas.

b) Se formalizan matrícula noutra universidade pública en titulacións ou especialidades que non se imparten no Sistema Universitario Galego.

2. 2. 2 Os titulares terán dereito á axuda nos mesmos termos que se establecen no apartado anterior, se formalizan matrícula na Universidade Nacional de Educación a Distancia (U.N.E.D.) por non poder estudar no sistema universitario galego debido á incompatibilidade de horario ou de lugar de traballo.

## 2. 2. 3 Contía da axuda:

a) A contía desta axuda ten a consideración de retribución en especie segundo consta no artigo 42 da lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, e como tal está suxeita a tributación como rendimento do traballo.

b) Para primeiro e segundo ciclo, grao e máster, será o importe da formalización da primeira e segunda matrícula en materias soltas.

c) Nos programas de doutoramento do RD 778/1998, será o importe da formalización da primeira e segunda matrícula, en 12 créditos máximo no segundo curso (período de investigación).

## SEGUNDO: PERSOAL DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS DA CORUÑA E VIGO

1. O réxime establecido nos artigos anteriores será de aplicación ao persoal con destino nas Universidades de A Coruña e Vigo, para as matrículas que formalicen na USC, sempre que reúnan os requisitos establecidos para o persoal da Universidade de Santiago e nos mesmos termos que ten recoñecido este persoal.

2. A aplicación desta resolución ao persoal das Universidades da Coruña e Vigo, estará suxeita aos principios de reciprocidade e de compensación interuniversitaria.

## 3. Tramitación.

A compensación, á que se fai referencia máis arriba, será realizada polas Universidades no **mes de xuño de 2011**, de non facerse, procederase á modificación da concesión.

## TERCEIRO: PERSOAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

### 1. Tramitación:

1. 1 A subvención de prezos públicos por servizos académicos estará condicionada ao reintegro á USC por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das cantidades deixadas de percibir.

1. 2 O devandito reintegro será realizado pola Consellería no **mes de xuño de 2011**, de non facerse procederase á modificación da concesión.

### 2. Titulares e beneficiarios.

2. 1 **Son titulares do dereito** á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, os funcionarios de carreira de calquera administración pública que estén destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que se atopen na devandita Consellería na situación de servizo activo ou servizos especiais entre o 7 de xullo e o 22 de outubro de 2010.

2. 2 **Son beneficiarios** das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos os fillos de calquera dos titulares sempre e cando non teñan cumpridos os 28 anos no prazo establecido para a matrícula no caso de estudos de primeiro, segundo ciclo e grao, e os 33 nos estudos de terceiro ciclo.

### 3 - Obxecto das axudas.

3. 1 Os titulares e mais os beneficiarios terán dereito á percepción de axudas por matrícula na USC para realizar unha única titulación oficial.

Enténdese como unha única titulación oficial a matrícula que se formalice:

- En cada un dos ciclos en que se estruturan as titulacións que se rexen polo Real Decreto 1497/1987 de 27 de novembro (BOE de 14 de decembro de 1987), que establece as directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- Nas ensinanzas universitarias oficiais reguladas polo Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (BOE do día 30), agás as ensinanzas de máster.

- Nos cursos ponte que se aproben para a obtención do título de grao, dos estudantes diplomados.

- En titulacións de segundo ciclo cando, de acordo coas ordes ministeriais que dan acceso a estas titulacións, se proceda dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo.

3. 2 No suposto de ter cursado estudos universitarios total ou parcialmente como titular ou beneficiario da subvención, non poderá obterse a axuda, no caso de cambio de estudos, ata que o número de cursos matriculados nos novos estudos sexa superior ao número de axudas disfrutadas nos estudos para os que se tivera a subvención. Non se considerarán cambios de estudos as adaptacións a novos plans das mesmas ensinanzas.

3. 3 Os titulares e beneficiarios estarán excluídos desta axuda no caso de estar en posesión ou reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que solicita a subvención.

3. 4 No caso de simultaneidade de estudos, dentro da mesma ou de distinta estrutura das ensinanzas universitarias ou de matrícula no segundo cuatrimestre doutra titulación, a axuda concederase aos beneficiarios para os estudos nos que o alumnado formalizara matrícula por primeira vez, será o importe da formalización da primeira matrícula en materias soltas.

**3. 5** Non serán obxecto das axudas regulamentadas nesta resolución os importes que se reporten dos seguintes actos:

- **A matrícula nas ensinanzas de máster**

- **A titoría anual de doutoramento**

- **Os prezos polos servizos académicos** de: apertura de expediente, certificacións académicas, traslados de expediente, expedición e mantemento de tarxetas de identidade, solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros, expedición de títulos académicos, probas de acceso, dereitos de exame ou calquera outro prezo distinto do importe dos prezos públicos por matrícula en materias soltas ou en créditos.

- **O importe do seguro escolar.**

**3. 6** Contía da axuda:

a) Para primeiro e segundo ciclo, e grao

b) Nos programas de doutoramento do RD 778/1998, será o importe da formalización da primeira matrícula en 12 créditos máximo no segundo curso (período de investigación).

Para estes efectos entenderase primeira matrícula a formalización de matrícula nunha materia por primeira vez, non considerándose como tal se o alumnado formalizou matrícula en cursos anteriores ou noutra universidade ou centro de estudos, xa tivera ou non dereito á subvención. As validacións non terán a consideración de primeira matrícula e polo tanto deberán ser aboadas.

#### **CUARTO: PERSOAL DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

O persoal doutras administracións non referenciadas expresamente nesta resolución poderá ser beneficiario das axudas por matrícula, consonte o que establezan os convenios ou acordos que, sometidos a reciprocidade ou compensación polos ingresos deixados de percibir, poida asinar a USC con esas administracións.

#### **QUINTO: LIMITACIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**

**5. 1** Un mesmo beneficiario non poderá figurar con máis dun titular. No caso de que presente máis dunha solicitude o titular deberá ser sempre o mesmo.

**5. 2** Non será obxecto das axudas reguladas mediante esta resolución o importe dos prezos públicos por servizos académicos das universidades privadas nin das universidades estranxeiras.

**5. 3** Estas axudas son incompatibles con calquera outra, de carácter público ou privado, destinadas para a mesma finalidade.

**5. 4** Terá carácter prioritario a aplicación de calquera outra axuda, dedución, subvención ou exención para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos á que o alumnado tivera dereito, sendo obrigatorio poñelo en coñecemento da universidade.

#### **SEXTO: MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN**

**6. 1** A concesión desta axuda poderá ser modificada:

a) Se se concede a titulares ou beneficiarios que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos ou non os acrediten debidamente.

b) Cando exista incompatibilidade con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

c) Se as Universidades non realizan a compensación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o reintegro no mes de xuño de 2011.

Nestes casos o alumnado deberá aboar o importe da matrícula, se aínda non o fixo, nos dez días seguintes á recepción da resolución de modificación de concesión, do contrario iniciárase expediente de anulación da matrícula na titulación obxecto da concesión da axuda modificada.

6. 2 A contía da subvención modificarase por aplicación ou cancelación doutra exención prioritaria: matrículas de honra, familias numerosas, bolseiros, etc., por recoñecemento de créditos, ou por outras modificacións realizadas na matrícula.

#### DISPOSICIÓN FINAIS:

**PRIMEIRA:** O procedemento establécese no Anexo I

**SEGUNDA:** O impreso de solicitude é o que figura como Anexo II

**TERCEIRA:** Queda sen efecto, para o curso académico 2010/2011, a Resolución do 22 de xullo de 2009, rexistro de saída do mesmo día, número 3963, reguladora das axudas e subvencións de prezos públicos para o curso académico 2009/2010.

**CUARTA:** A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de rexistro de saída.


Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Santiago de Compostela a 22 de xuño de 2010

**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA  
E COMPROMISO SOCIAL**

(P.D., R.R. do 31 de xullo de 2007)



José Manuel Mayán Santos



## ANEXO I

### PROCEDEMENTO CURSO 2010/2011

#### PRIMEIRO: INICIACIÓN

##### A solicitude de axudas iniciarase:

##### 1. 1 Se a matrícula se realiza en titulacións oficiais impartidas na USC:

1. 1. 1 Para o alumnado que formalice a matrícula a través da páxina web [www.usc.es/matricula](http://www.usc.es/matricula): sinalando o Tipo de Subvención no apartado de EXENCIONS de xeito que quede constancia na folla de liquidación no apartado de Descontos. Terán que cubrir os datos de: apelidos, nome e NIF do titular da subvención.

1. 1. 2 Para o alumnado que formalice a matrícula presentando o impreso XA-1: sinalando o Tipo de Subvención, no apartado de PAGAMENTO E SUBVENCIÓN DE PREZOS DE MATRÍCULA. Terán que cubrir os datos de: apelidos, nome e NIF do titular da subvención.

1. 1. 3 O alumnado que non se matricule como solicitante desta axuda poderá realizar a solicitude de subvención mediante instancia presentada na Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, acompañada da documentación que se indica no apartado sétimo deste Anexo.

**1. 2 Se a matrícula se realiza en titulacións de universidades públicas españolas, distintas das do Sistema Universitario Galego – só para persoal da USC-**, mediante instancia presentada na Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, acompañada da documentación que se indica no apartado sétimo deste Anexo.

#### SEGUNDO: PRAZOS DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será o mesmo que o da formalización de matrícula agás para o alumnado que realice a solicitude mediante instancia ou que formalice matrícula en proxectos fin de carreira que terá de prazo ata o día **15 de abril de 2011**.

#### TERCEIRO: TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O día 7 de xuño de 2011 a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, enviará ao Servizo de Xestión de Persoal a relación das persoas beneficiarias das axudas para que, ao ter a consideración de retribución en especie, se imputen como rendemento do traballo no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

#### CUARTO: TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DAS UNIVERSIDADES DE VIGO E A CORUÑA

**4. 1 O día 7 de xuño de 2011 a USC remitirá as Universidades de Vigo e A Coruña unha certificación** do importe das matrículas deixadas de percibir por esta axuda, para que realicen a compensación durante o mes de xuño.

**4. 2** No caso de que non existise compensación dos prezos públicos procederase á modificación da concesión, debendo aboarse por parte do alumnado o importe da matrícula.

## QUINTO: TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA

**5. 1** O día 7 de xuño de 2011 a USC remitirá á Consellería unha certificación do importe das matrículas deixadas de percibir por esta axuda, para que realice o reintegro durante o mes de xuño.

**5. 2** No caso de que non existise o reintegro dos prezos públicos procederáse á modificación da concesión, debendo aboarse por parte do alumnado o importe da matrícula.

## SEXTO: XUSTIFICACIÓN DE REQUISITOS

**6. 1 NOVAS SOLICITUDES:** Son novas solicitudes de subvención:

- As do estudantado que non foi beneficiario da subvención no curso 2009/2010
- As do estudantado que cambie de estudos
- As que con anterioridade foran concedidas con diferente titular
- As que sexan solicitadas por un titular que cambiara do organismo polo que se lle estaba concedendo.

**6. 1. 1** A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitiralles un impreso de solicitude que terá que ser debidamente cuberto e acompañado da documentación que figura no punto sétimo deste Anexo, e que se lles indicará no oficio de remisión.

**6. 1. 2** A devandita Sección revisará que se presenten as solicitudes de axuda e que se acompañen dos documentos preceptivos para, no caso contrario, requirir ao interesado que repare a falta, con indicación de que de non o facer terase por desistido do seu pedimento, arquivándose previa resolución expresa.

**6. 1. 3** A comunicación de arquivo da solicitude farase de acordo co procedemento de notificación que se estableza na Universidade.

**6. 2 RENOVACIÓN:** Son renovación de solicitudes de subvención, as do estudantado que foi beneficiario da subvención, para os mesmos estudos e co mesmo titular, no curso 2009/2010.

**6. 2. 1** Considérase renovada de oficio a solicitude cuberta no curso 2009/2010 polo titular da subvención agás que o propio titular da subvención faga constar o seu desacordo mediante instancia dirixida á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado.

**6. 2. 2** Non terán que presentar nin impreso nin documentación. É suficiente a realización do inicio de solicitude segundo figura no punto primeiro deste anexo, matriculándose na USC como destinatarios desta axuda.

## SÉTIMO: DOCUMENTACIÓN

- a) Formulario de solicitude de axuda debidamente cumprimentado.
- b) Copia do DNI do titular e dos beneficiarios. Se o beneficiario é o conxuxe, copia do libro de familia na que estean inscritos. Se o beneficiario é parella de feito, xustificante de convivencia.
- c) No caso de pertencer o beneficiario a familia numerosa da categoría xeral de dous ou tres fillos, deberá achegar copia do libro de familia xunto coa copia do título no cal deberá constar a súa data de caducidade.
- d) Xustificante de matrícula e do pagamento de matrícula no caso de ser alumnado de centros adscritos desta universidade ou matricularse nunha universidade pública non



pertencente ao sistema universitario galego, de ser o caso. O alumnado presentará orixinal e copia do xustificante para que sexa cotexado polo funcionario que recolla a solicitude. No caso de facer o pagamento fraccionado, deberá presentar xustificante de pagamento de todos os prazos.

## OITAVO: REVISIÓN DAS SOLICITUDES

**8. 1** A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado cruzará os datos dos titulares do dereito coas administracións ás que estean adscritos, co obxecto de comprobar se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria para seren titulares.

**8. 2** A devandita Sección revisará tamén que as solicitudes cumplan o resto dos requisitos esixidos na convocatoria para os beneficiarios.

## NOVENO: EFECTOS DA SOLICITUDE NA MATRÍCULA

**9. 1** A matrícula do alumnado realizada como solicitante desta axuda producirá a suspensión do pagamento do importe da axuda que poida corresponder aos beneficiarios en titulacións oficiais impartidas na USC, agás o estipulado nos puntos 9. 3 e 9. 4 do presente Anexo.

Non obstante poderase esixir o pago cautelar da matrícula cando o alumnado pida a expedición do título académico e aínda non estea resolta a concesión das subvencións.

**9. 2** Nos abonarés da liquidación da matrícula para o persoal con subvención de prezos públicos, incluíranse os seguintes textos a carón do importe que figura como subvencionado:

**a)** Persoal da USC: “A contía desta subvención ten a consideración de retribución en especie segundo se regula no artigo 42 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, e como tal está suxeita a tributación como rendemento do traballo”.

**b)** Persoal da Universidade da Coruña: “Esta subvención está condicionada á súa compensación por parte da Universidade da Coruña. No caso de non percibir a USC a devandita compensación no prazo establecido na convocatoria, deberá aboar o importe da matrícula sen subvención”.

**c)** Persoal da Universidade de Vigo: “Esta subvención está condicionada á súa compensación por parte da Universidade de Vigo. No caso de non percibir a USC a devandita compensación no prazo establecido na convocatoria, deberá aboar o importe da matrícula sen subvención”.

**d)** Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: “Esta subvención está condicionada ao seu reintegro por parte da Consellería. No caso de non percibir o devandito reintegro no prazo establecido na convocatoria, deberá aboar o importe da matrícula sen subvención”.

**9. 3** **Se o titular é persoal das Universidades Galegas, agás que os estudos sexan realizados polo propio titular, o alumnado deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:**

**a)** O alumnado de primeiro e segundo ciclo, de grao ou de máster, sexa titulado ou estea en condicións de obter o título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que solicita a subvención.

**b)** O alumnado de terceiro ciclo teña cursados 32 créditos.

**c)** O alumnado de terceiro ciclo matriculara en anos académicos anteriores 12 créditos no segundo ano (período de investigación) e desexe volver a matricular ese período.

**9. 4 Se o titular é persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o alumnado deberá aboar os prezos públicos por servizos académicos no momento de formalizar a matrícula cando:**

- a) O alumnado de primeiro, segundo ciclo e de grao sexa titulado ou estea en condicións de obter o título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que solicita a subvención.
- b) O alumnado de terceiro ciclo teña cursados 32 créditos.
- c) O alumnado de terceiro ciclo matriculara en anos académicos anteriores 12 créditos no segundo ano (período de investigación) e desexe volver a matricular ese período.
- d) O alumnado formalice matrícula nunha materia por segunda vez en primeiro, segundo ciclo, ou grao.

**DÉCIMO: RESOLUCIÓN**

**10. 1** Corresponde á Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado a revisión do cumprimento dos requisitos para a obtención da axuda e a elevación de propostas ao Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social para a súa concesión ou denegación así como a notificación aos interesados da resolución adoptada.

**10. 2** O importe definitivo da concesión será o que figure na resolución do 15 de outubro de 2011 e será publicada nos taboleiros de anuncios: das dependencias onde se realiza a matrícula, no do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, no da Reitoría da USC, no da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e na páxina web <http://www.usc.es/bolsas>. >>Bolsas e Axudas da USC.

**10. 3** A comunicación de denegación farase de acordo co procedemento de notificación que se estableza na Universidade e a resolución indicará a causa ou causas que motivaron a denegación, as reclamacións ou recursos que contra esta caben, e o prazo para facelos.

**UNDÉCIMO: EFECTOS DA RESOLUCIÓN**

**11. 1 Matrículas en titulacións oficiais impartidas na USC.**

- a) Resolución de concesión: os beneficiarios matriculados no curso 2010/2011 non aboarán os prezos públicos polo importe da subvención concedida. De teren pagado este importe, unha vez ditada a devandita resolución, a Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo procederá de oficio á súa devolución.
- b) Resolución de denegación: o alumnado afectado deberá aboar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo.

**11. 2 Matrículas en centros adscritos desta Universidade:**

- a) Resolución de concesión: a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá no mes de xullo de 2011 ao Servizo de Control Interno a relación das solicitudes e a documentación necesaria para que faga o pagamento da axuda concedida.
- b) Resolución de denegación: o alumnado afectado, deberá reintegrar á Universidade os prezos públicos polos servizos académicos que no seu caso lles correspondan, e que deberán figurar na liquidación de matrícula que será enviada pola UXA correspondente.

### **11. 3 Matrículas en titulacións de universidades públicas distintas das do sistema universitario galego:**

Resolución de concesión: a Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado remitirá mensualmente ao Servizo de Control interno a relación das solicitudes e a documentación necesaria para que se faga o pagamento da axuda concedida. No caso de que o alumnado faga o pagamento fraccionado dos prezos públicos por servizos académicos non procederá o aboamento da axuda ata que xustifique o pagamento de todos os prazos.

#### **DUODÉCIMO: PRAZO DE RESOLUCIÓN**

O prazo de resolución será de seis meses desde a finalización do prazo de matrícula. No caso de que a resolución non se producira a axuda considerase denegada.

#### **DÉCIMO TERCEIRO: CONTROL DOS PREZOS PÚBLICOS**

**13. 1** Finalizado o proceso de resolución enviarase un resumo global por unidades administrativas, UXAS ou Sección de Terceiro Ciclo, onde figure a situación de cada beneficiario.

**13. 2** No caso de denegación ou declaración de arquivo a UXA correspondente ou a Sección de Terceiro Ciclo reclamará ao alumnado o pagamento da matrícula. De non facelo procederase á anulación da matrícula e de todos os actos administrativos producidos con posterioridade á solicitude da axuda e relacionados con esta, de acordo co procedemento de xestión de impagados da USC.

#### **DÉCIMO CUARTO: COMPENSACIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS, SUBVENCÍONS E EXENCÍONS**

O importe da compensación e do reintegro das certificacións ao que se refire os puntos 4.1 e 5.1 deste procedemento será a totalidade do importe das matrículas deixado de percibir pola USC debido á aplicación da exención aos solicitantes da subvención de cada unha das universidades e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### **DÉCIMO QUINTO: REGULARIZACIÓN DA COMPENSACIÓN DAS AXUDAS, SUBVENCÍONS E EXENCÍONS**

**15. 1** Unha vez coñecido o importe total das axudas concedidas ao persoal das Universidades da Coruña e Vigo, procederase á regularización das compensacións con estas administracións.

**15. 2** A regularización da compensación farase do seguinte xeito:

**a)** Engadindo ao importe total xa compensado polas administracións o importe das matrículas e das ampliacións de matrícula non recollidas na certificación do 3 de xuño de 2011.

**b)** Descontando ao importe total xa compensado polas administracións o importe das axudas denegadas ou arquivadas e recollidas na certificación do 3 de xuño de 2011.

**15. 3** Os expedientes para a compensación e o reintegro dos prezos públicos que a Universidade deba presentar nas correspondentes administracións públicas e que establece a Resolución do 19 de xullo de 2002 realizaranse pola Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado seguindo as instrucións que ao respecto diten os Servizos de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería e o Servizo de Control Interno.

**Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado**

Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado,  
Pavillón Estudiantil • Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Telf.: 981528066

Ref.: **(preimpres)**

**ANEXO II**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS  
CURSO 2010/2011**

<b>1. DATOS DO/DA TITULAR DO DEREITO Á SUBVENCIÓN</b>	
Apelidos e Nome: ..... NIF: .....	
<b>Domicilio a efectos de notificación:</b>	
Enderezo: .....	
Concello: ..... Provincia: .....	
CP..... Teléfono/s: ..... FAX: .....	
Enderezo Electrónico: .....	
Se é persoal das Universidades: Xubilado <input type="checkbox"/> Falecido <input type="checkbox"/>	
<b>Administración na que presta servizos (preimpreso)</b>	
<b>2. DATOS DO ALUMNO/A BENEFICIARIO/A DA SUBVENCIÓN</b>	
Apelidos e Nome: <b>(preimpreso)</b> NIF: <b>(preimpreso)</b>	
Titulación: <b>(preimpreso)</b>	
Parentesco co titular ( <i>sinalar cun "x"</i> ): <input type="checkbox"/> Fillo <input type="checkbox"/> Cónxuxe <input type="checkbox"/> O propio titular	
Importe da Subvención: <b>(preimpreso)</b>	
<b>Posúe outro título universitario? (sinalar cun "x")</b>	
<input type="checkbox"/> SI → <i>Indicar a titulación</i> .....	
<input type="checkbox"/> NON	
<b>Está matriculado neste curso noutros estudos universitarios? (sinalar cun "x")</b>	
<input type="checkbox"/> SI → <i>Indicar a titulación:</i> .....	
<input type="checkbox"/> NO	
<b>Estivo matriculado noutros cursos noutros estudos universitarios? (sinalar cun "x")</b>	
<input type="checkbox"/> SI → <i>Indicar a titulación:</i> .....	
<input type="checkbox"/> NON	
<b>3. SE DESEXA CORREXIR ALGÚN DATO BÁSICO DO TITULAR DO DEREITO A SUBVENCIÓN, SINÁLEO E FAGA CONSTAR O CORRECTO</b>	
<input type="checkbox"/> Apelidos e Nome ..... <input type="checkbox"/> NIF.....	
<input type="checkbox"/> Administración na que presta servizos <sup>(1)</sup> .....	
<sup>(1)</sup> Consellaría de Educación e Ord. Universitaria / Universidade de A Coruña / Universidade de Vigo / Universidade de Santiago de Compostela / Instituto de Investigación Agrobiolóxicas de Galicia	

..... a ..... de ..... de 20.....  
O/A TITULAR,

Asdo:.....